UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Traballo fin de Mestrado | Código | 652609907 |
| Titulación | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuadrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | Inglés | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Didácticas EspecíficasDidácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónFiloloxía InglesaLetrasPedagoxía e Didáctica | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | |
| Profesorado | Barros Grela, Eduardo<br>Bobadilla Pérez, María<br>Couto Cantero, Pilar<br>Dopico Garcia, Alberto<br>Lasa Álvarez, María Begoña | Correo electrónico | eduardo.barros@udc.es<br>m.bobadilla@udc.es<br>pilar.couto@udc.es<br>alberto.dopico@udc.es<br>b.lasa@udc.es |
| Web | http://www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/ | | |
| Descrición xeral | O TFM consistirá na realización dunha actividade académica que desenvolver o conxunto de competencias abordadas neste mestrado. Debe ser realizado individualmente por cada alumno/a baixo a dirección dun/ha profesor/a (director/a) e, como norma xeral, estará concibido para que o tempo total de dedicación do/a alumno/a sexa de 150 horas (6 ECTS). Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período do máster, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- da súa área de estudo- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuizo crítico, lóxico e creativo. | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos Non se modifican. 2. Metodoloxías Non se modifican. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado O alumnado debe manter un contacto directo co seu titor/a a través das vías telemáticas. O profesorado responderá ás suas dubidas por estas mesmas vías. Tamén permanecerá atento aos cambios do documento marco. 4. Modificacións na avaliación Non se modifica. *Observacións de avaliación: O traballo tutelado adaptarase ás diferentes circunstancias, así o alumnado que non poida desenvolver unha investigación será avaliado por: un traballo documental teórico sobre un tema concreto, ou ben por un proxecto de investigación. Estes cambios só afectan aos estudantes que non poideron realizar a investigación empírica. A defensa do TFM realizarase a través do uso de ferramentas telemáticas e seguindo as directrices (Pautas presentación) marcadas para a situación de excepcionalidade. | | |

| Competencias do título | |
|---|---|
| Código | Competencias do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título |

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| | | | |
|---|---|---|---|
| Preparación profesional avanzada, dirigida a la especialización académica y profesional de los estudiantes en el ámbito de la especialización docente cursada; es por eso que el TFM deberá estar orientado a la evaluación de las competencias profesionales, generales y específicas asociadas a la titulación. | AP1<br>AP2<br>AP3<br>AP4<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AP8<br>AP9<br>AP10<br>AP11<br>AP12<br>AP13<br>AP14<br>AP15<br>AP16<br>AP17<br>AP18<br>AP19<br>AP20<br>AP21<br>AP22<br>AP23<br>AP24<br>AP25<br>AP26<br>AP27<br>AP28<br>AP29<br>AP30<br>AP31<br>AP32<br>AP33<br>AP34<br>AP35<br>AP36<br>AP37 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia | AP1<br>AP2<br>AP3<br>AP4<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AP8<br>AP9<br>AP10<br>AP11<br>AP12<br>AP13<br>AP14<br>AP15<br>AP16<br>AP17<br>AP18<br>AP19<br>AP20<br>AP21<br>AP22<br>AP23<br>AP24<br>AP25<br>AP26<br>AP27<br>AP28<br>AP29<br>AP30<br>AP31<br>AP32<br>AP33<br>AP34<br>AP35<br>AP36<br>AP37 | | CM1<br>CM2<br>CM3<br>CM4<br>CM5<br>CM6<br>CM7<br>CM8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| | |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias** | **Horas presenciais** | **Horas non presenciais / traballo autónomo** | **Horas totais** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 C1 C2 C3 | 1 | 136 | 137 |
| Presentación oral | A18 A17 A16 A15 A14 A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 A36 A37 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 1 | 9 | 10 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| **Metodoloxías** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados | a) Estudos empíricos relacionados con calquera das liñas temáticas propias do mestrado e enmarcados no ámbito das competencias deste. b) Revisión e investigación bibliográfica centrada nalgún dos diferentes campos da titulación de mestrado. c) Análise de protocolos de actuación, unidades didácticas, proxectos socioeducativos ou calquera outro documento institucional, vinculadas a algún dos diferentes campos do mestrado. d) Deseño de unidades didácticas, proxectos educativos e socioeducativos de diversa índole, relacionados co mestrado. |
| Presentación oral | SOLICITUDE DE DEFENSA: Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFM, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que: a) facer a solicitude de defensa e subir unha copia do traballo na súa secretaría virtual e b) presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 3 exemplares en papel do seu TFM, así coma o impreso de solicitude de avaliación.<br>DEFENSA: Unha vez que se faga púbica a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo. Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso. Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 20 minutos e o tribunal disporá de 20 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debatir co alumno/a. O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para a exposición.<br>Universidade da Coruña - Rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña - Tel. +34 981 16 70 00  Soporte Guías Docentes |

| **Atención personalizada** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados<br>Presentación oral | O/a coordinador/a do Mestrado fará pública a relación de TFM recibidos e as datas para a súa defensa. |

| **Avaliación** | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias** | **Descrición** | **Cualificación** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 C1 C2 C3 | Cuestións formais (5%)<br>? Claridade de ideas, de exposición e de organización da información.<br>? Relación e coherencia entre as partes do TFM.<br>? Boa calidade lingüística do discurso.<br><br>Fundamentación teórica (30%)<br>? Suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre ter coñecementos sobre o desenvolvemento e nivel alcanzado no tema tratado.<br>? Creatividade e orixinalidade na presentación da temática, na súa abordaxe ou no seu tratamento.<br>? Referencia ós contidos traballados no Mestrado.<br>? Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas propias dos traballos científicos e profesionais.<br><br>Desenvolvemento do TFM (35%)<br>? Nivel de concreción do TFM<br>? Viabilidade da proposta atendendo a súa contextualización.<br>? Adecuación ó marco lexislativo e curricular.<br>? Existencia e adecuación de criterios de avaliación da proposta.<br><br>Valoración persoal e conclusións FM (15%)<br>? Relación das conclusións cos obxectivos do TFM.<br>? Grao de integración dos coñecementos conseguidos nas distintas materias cursadas no Mestrado.<br>? Grao de desenvolvemento das competencias profesionais. | 85 |
| Presentación oral | A18 A17 A16 A15 A14 A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 A36 A37 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | Presentación e defensa<br>? Existencia e calidade nos medios e/ou materiais de apoio.<br>? Coherencia e claridade de ideas na exposición.<br>? Boa competencia lingüística oral.<br>? Capacidade de síntese<br>? Habilidade para responder na discusión | 15 |

| Observacións avaliación |
|---|

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación ou defensa pública do TFM: unha ordinaria e outra extraordinaria.
Para a avaliación dos TFM constituiranse tribunais (nomeados polo/a coordinador/a do mestrado) por cada unha das especialidades. Cada un estará formado por tres membros titulares e un ou dous/dúas suplentes.
O/a director/a do TFM non poderá formar parte da tribunal avaliadora correspondente, sempre e cando os recursos humanos o fixeren posible.
Finalizadas todas as defensas de TFM da sesión correspondente, o tribunal publicará as cualificacións provisionais no taboleiro do mestrado.
En relación coa avaliación de cada traballo, o tribunal procederá a cualificar o traballo realizado coa nota media das cualificacións emitidas por cada un dos membros.
A cualificación poderá ser: a)Non presentado; b)Suspenso: de 1 a 4.9; c) Aprobado: de 5 a 6.9; d) Notable: de 7 a 8.9; e) Sobresaliente: de 9 a 10
A mención de «matrícula de honra» poderá ser outorgada en caso de que os membros do tribunal estean de acordo na súa concesión por unanimidade.
No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación será motivo de suspenso da materia, según o establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | As propostas pola dirección académica do Traballo de Fin de Mestrado. |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, a través de moodle e da aplicación de TM. Non deben de utilizarse plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.<br><br>Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.<br><br>Segundo recóllese nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero& nbsp; (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?)Palabras descoñecidasCopiar |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**